

OllOs

de aula

ANO II - Nº 9 - Outubro 2013





Revista para as famílias do alumnado

Actividades extraescolares: cantas e cales?



**Comeza un
novo curso**

**Por unha
escola
inclusiva**



A pregunta

Actividades extraescolares: cantas e cales?



Responde: M^{ra} Montserrat Castro Rodríguez


[Profesora da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña]

As actividades extraescolares deben ser, entre outras, un espazo de novas experiencias, de aprender a gozar do lecer e do tempo libre, a satisfacer gustos e intereses; unha oportunidade para a toma de responsabilidades, para fomentar o diálogo e a negociación; orientadas á interacción, á socialización, á creación de redes afectivas. Isto é facer amizade. Pero sen que se convertan nun traballo a maiores...

Ninguén pode prescindir do tempo para estar coas súas amizades en contextos de liberdade, no que poida ter autonomía para crear, tomar decisións individuais e en grupo, negociar, coñecer e usar regras sociais, etc. Cadaquén terá os seus tempos e as súas necesidades, de aí que a decisión de «cantas» sexa algo que haberá que valorar dentro de cada familia cos seus fillos e fillas.

O «cales» dependerá das prioridades e necesidades de cada neno e nena. Á marxe da actividade en si, ás veces pode resultarnos interesante que interaccione cos compañeiros/as do contorno escolar, pero fóra das rutinas da aula; e outras que se atope con persoas novas coas que teña a afinidade da actividade na que participa.

En todo caso, a elección de cantas e cales debe ser un proceso no que o neno ou a nena implicados teñan o protagonismo que merecen, pois son os propios interesados, sen caer nos tópicos de que fagan o que fan todos/as, ou a ilusión dalgún membro da familia, ou o que nos pareza que é o mellor.



Nós somos desas nais e pais aos que un día o futuro se lles puxo moi negro. O noso fillo foi diagnosticado con autismo cando tiña dous anos e medio. Comezou entón unha viaxe que tiña como punto de partida o descoñecemento absoluto sobre o mundo da diversidade funcional.

Facendo visible a diversidade

Olga Lalín e Xosé M. Durán

Profesores e pais dun neno con autismo

Cando recibimos o diagnóstico, tivemos que aceptar a nova realidade e procurar os apoios máis adecuados para que o pequeno puidese medrar nas mellores condicións. Manuel comezou a asistir a un centro de atención temperá antes da súa escolarización. Isto foi fundamental para que chegase á escola con algunhas aprendizaxes adquiridas. A súa terapeuta, Esther Medraño, e nós mesmos pensamos que o máis adecuado era a escola pública da nosa vila. En setembro de 2011 empezou Educación Infantil pola quenda de necesidades educativas especiais.

Como pais, buscamos a normalización da vida de Manuel na súa contorna natural, cos seus irmáns e curmáns, cos seus amigos, na súa vila. Non esquezamos que os nenos/as con necesidades especiais primeiro teñen necesidades comúns: xogar, aprender, recibir cariño... A escola pública pode e debe, conforme mesmo á legalidade, dar os apoios para que o neno/a "diferente" teña as mesmas oportunidades cós demais. Os beneficios da inclusión educativa van nas dúas direccións; os outros nenos/as tamén aprenden dos diferentes e no futuro terán acadados os recursos persoais para poder construír unha sociedade máis xusta e



solidaria. Coñecerán o significado de respectar os demais. Ao adoptar un sistema educativo no que todos teñan cabida, aceptamos a vida como é, coa súa diversidade.

A comprensión da comunidade educativa, especialmente das direccións dos centros e das outras familias, é fundamental para que a calidade de vida dos nenos/as con necesidades especiais sexa a mellor posible. O noso fillo ten unhas características determinadas e é a nosa responsabilidade comunicar a súa condición e os tratamentos que se


levan adiante, mais, ante todo, queremos subliñar que o noso fillo é un neno. Explicar as circunstancias que determinan certos comportamentos tradúcese normalmente en comprensión e axuda por parte

de todos/as. Ao comezo de curso preocupámonos polos libros,

polo grupo no que vai estar, polas actividades extraescolares, coma todo o mundo, pero tamén nos toca falar coa Dirección do centro e coa Inspección Educativa para saber se haberá os apoios que corresponden por lei. Un ano tras outro, por desgraza, pasamos por este proceso. Comprobamos, con tristeza, que a asistencia ao alumnado máis vulnerable non é una prioridade para o sistema. Por iso non queda outra que insistir en que é obriga da Administración responder e implementar un sistema educativo que vele pola igualdade de todo o alumnado. “Que veña ben, que iso é o máis importante”, pensamos todos cando sabemos que imos ter un fillo/a... e, polo que poida pasar, deberíamos engadir “e se vén con algún trastorno, síndrome ou enfermidade, que nos comparta a sociedade e que acepte o noso fillo/a”.

Non esquezamos que os nenos/as

con necesidades especiais primeiro teñen necesidades comúns



Palabras do ensino

Lines Salgado

{PT e AL} Continuamos o noso percorrido (case infinito!) polos labirintos terminolóxicos da educación.

Hoxe imos falar dun grupo de profesores/as que se agachan baixo as siglas PT (Pedagogía Terapéutica) e AL (Audición e Linguaxe). O profesorado con estas especialidades traballa con alumnado de infantil, primaria e secundaria co seguinte obxectivo: atender a aqueles con necesidades educativas especiais (palabras que tamén teñen as súas siglas: NEE). Estas son un saco sen fondo no que se inclúen discapacidades físicas, psíquicas, altas capacidades, problemas coa pronuncia de determinados sons, problemas de conduta, déficit de atención, dislexia, etc. É dicir, que nas súas mans están todos aqueles rapaces que, sexa pola causa que sexa, non entran no molde estándar do sistema. Os docentes de PT e AL traballan co seu alumnado, ás veces, de xeito individualizado fóra do grupo-clase, e noutras ocasións dentro da aula co profesor/a correspondente. Asesoran tamén aos pais e nais dos rapaces con NEE. O seu labor é fundamental para que poidamos dicir que o noso sistema educativo ofrece igualdade de oportunidades.



CADENCIAS

Gracia Santorum

Para visitar

Dende setembro podemos coñecer e visitar a **Casa Museo Manuel María** –Casa de Hortas– en Outeiro de Rei, centro da memoria deste poeta e tamén da cultura da Terra Chá. Un xeito de profundar no perfil dunha das persoas máis coñecidas da cultura contemporánea. A biografía de Manuel María percórrese polas estancias da súa casa, cun conxunto documental de toda a súa traxectoria vital e literaria, unha biblioteca de máis de doce mil volumes, e obxectos que o escritor viviu. Contará tamén cun arquivo virtual que acollerá datos e documentacións, fotos, dedicatorias, actos... para a construción dun centro documental do que a casa será sé.




Para gozar

Tamén dende este mes de setembro os máis cativos poderán gozar cunha revista integramente en galego pensada para eles e elas: **Oink** recolle o espírito do Xabarin Club, famoso programa da TVG. Unha revista mensual de gran tamaño con 56 páxinas de contidos variados e con autores tan importantes como Kiko da Silva, Miguel Robledo, Miguelanxo Prado, Pinto & Chinto, Fernando Iglesias, Andrés Meixide, Yolanda Sánchez Fidalgo, Miguel Porto e Jacobo Fernández .

Para ler...

Tonino de Miguel Salas e Paolo Domeniconi [Editorial OQO]. Un pingüín que decide viaxar e chegar ao deserto, vivir aventuras e soñar co descoñecido. Pero, claro, como normalmente sucede, adoitamos querer o que non temos e valorar o que tiñamos unha vez perdido; e así lle ocorre tamén ao noso protagonista, quen sentirá morriña do seu e dos seus. Dende a portada ata as ilustracións cheas de cor e enerxía, encantaravos este álbum rimado.



Da lingua

Tempo de medras

Desde a CGENDL, regresamos para compartir con vós as angueiras dun novo curso.

Subimos outra vez as persianas, colocamos os pupitres, deseñamos proxectos educativos que enchan de ilusión as aulas de Galicia.

Sabemos que o noso oficio nunca foi doado: porque educar ben as crianzas implica un esforzo constante de renovación pedagóxica no que deben colaborar non só os profesionais do ensino, senón toda a comunidade escolar, especialmente as familias.

Regresamos porque somos partidarios/as da diversidade cultural e lingüística, porque estamos a favor do dereito democrático do alumnado a recibir aulas en galego, sen pexas nin prexuízos, para que o día de mañá as nosas fillas e fillos poidan exercer a escolla dun idioma tan útil como calquera outro, porque na escola non lles ensinamos a ignoralo.

Regresamos para dicir en voz alta que seguimos orgullosas e orgullosos do noso, orgullosas e orgullosos do galego.

E *Ollos de aula* conta convosco para as medras.

